

APORTACIÓN AO COÑECEMENTO DOS MYXOMYCETES NA PROVINCIA DE LUGO

por

C. GARCÍA-ECHAVE¹, N.F.ANDRÉS-RODRÍGUEZ² et O. REQUEJO³

GARCÍA-ECHAVE, C., ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. et REQUEJO, O. 2014. Aportación ao coñecemento dos *Myxomycetes* na provincia de Lugo. *Mykes* 17: 55-62.

RESUMO:

Preséntanse os catorce taxa de *Myxomycetes* recollidos na provincia de Lugo durante as excursións micolóxicas mensuais do *Grupo Micolóxico Galego*. Oito delas son novas citas para a provincia de Lugo.

Palabras clave: *Myxomycetes*, *Liceales*, *Physarales*, *Stemonitales*, *Trichiales*, Lugo, Galicia, Península Ibérica.

GARCÍA-ECHAVE, C., ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. et REQUEJO, O. 2014. Contributions to the knowledge of *Myxomycetes* in the province of Lugo. *Mykes* 17: 55-62.

SUMMARY:

Introducing the fourteen taxa of *Myxomycetes* collected in the province of Lugo, during the mycological excursions of the *Grupo Micolóxico Galego*. Eight of them are new reports from the province **Key words:** *Myxomycetes*, *Liceales*, *Physarales*, *Stemonitales*, *Trichiales*, Lugo, Galicia, Iberian Península.

INTRODUCCIÓN

Dentro da comunidade galega, os *Myxomycetes* (Protozoa) presentes na provincia de Lugo foron escasamente estudados. Apenas 22 especies foron referenciadas e, en todos os casos sempre aparecen inmersos en

¹ Covamoura n°8-4°B, Burela E-27880, Lugo. e-mail: crisgechave@hotmail.com.

² Cánovas del Castillo, I, Vigo E-36202, Pontevedra. e-mail: fandresr@redfarma.org.

³ San Xurxo, A Laxe n°12B, Salceda de Caselas E-36473, Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com.

Membros do *Grupo Micolóxico Galego* Luís Freire.

estudos de maior amplitude territorial. Cronoloxicamente, para Lugo, tan só citáronse 14 especies por PORTELA et LADO (1990), tres por LADO (1993), unha por OLTRA (1997), unha especie en cada un dos artigos de CABO REY (1998, 2001, 2002, 2004), dúas por LAGO et CASTRO (2002) e unha por MARCOTE et al.(2003).

Para suplir en parte ese descoñecemento e contribuir ao estudo e catalogación dos mixomicetos galegos, preséntanse os taxóns procedentes das excursións que o *Grupo Micolóxico Galego Luís Freire* fixo nos derradeiros cinco anos en diversas localidades da provincia de Lugo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada neste estudo foi a habitual en traballos con *Myxomycetes*, recollendo os exemplares en hábitats axeitados para o desenvolvemento dos mesmos. Prestouse especial atención ós restos vexetais húmidos e con alto grao de degradación: tocóns, polas, cortizos, follas, estrume, herba, musgo, etc. Tomáronse notas e fotografías en fresco das características dos exemplares no seu hábitat, e despois se recolleron e secaron, etiquetándose para a súa revisión no laboratorio. As observacións microscópicas do material recollido se fixeron empregando auga ou hidróxido potásico ao 5 ou 10% para hidratar o material, e vermello congo ou reactivo Melzer cando foi preciso para facer tincións. Para a observación das estruturas de pequeno tamaño (peridio, capilicio, columela, gránulos calcáreos, etc.), se fixeron cortes finos e se traballou cun microscopio estereoscópico Nikon SMZ745T. Fixéronse observacións microscópicas cun microscopio Nikon E100, con obxectivos de 40x e 100x e oculares de 10x. As capturas de imaxes e as medicións das estruturas mais relevantes se fixeron mediante o programa ProgRes® CapturePro 2.7 asociado á cámara dixital Jenoptic CT3. Para cada especie se mediron entre 50 e 100 esporas dependendo da súa variabilidade.

A consulta e identificación das especies fíxose seguindo bibliografía especializada como as obras de MARTIN et ALEXOPOULOS (1969), NANNENGA-BREMEKAMP (1991), NEUBERT et al., (1993, 1995, 2000), LADO et PANDO (1997), STEPHENSON (2003), POULAIN et al., (2011). Para a nomenclatura e a sistemática seguiu-se o seguinte autor LADO (2005-2014).

O material estudado está depositado no herbario LOU-Fungi (SIAM de Lourizán, Pontevedra).

CATÁLOGO DE ESPECIES

As especies preséntanse ordeadas alfabeticamente por *Orde* e, dentro desta categoría, por *Xénero*.

Liceales

***Cribraria argillacea* (Pers. ex J.F.Gmel.) Pers.**, Neues Mag. Bot. 1: 91 (1794)

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre madeira de *Castanea sativa* moi degradada, 27-VI-2012, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19824.

Nova cita para a provincia de Lugo.



Fig. I. *Cribraria argillacea*

***Cribraria vulgaris* Schrad.**, Nov. gen. pl.: 6 (1797)

Mondoñedo, sobre tronco de *Pinus pinaster*, 27-IX-2009, Leg. N. F. Andrés-Rodríguez, J. Rodríguez-Vázquez e Ó. Requejo. LOU-fungi 19823.

Nova cita para a provincia de Lugo.

***Lycogala epidendrum* (L.) Fr., Syst. mycol. 3: 80 (1829)**

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre madeira de *Quercus robur* en descomposición, 15-VI-2013, Leg. C.García-Echave e N.F. Andrés Rodríguez. LOU-fungi 19812. Cervo, Sta. María de Rúa, sobre madeira de *Eucalyptus globulus*, 22-VI-2010, Leg. C.García Echave. LOU-fungi 19811. Ocos, sobre madeira de *Pinus pinaster*, 14-X-2010, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19822. Sarria, ruta das Aceas, sobre *Quercus robur*, 28-VI-2014, Leg. Ó.Requejo. LOU-fungi 19813.

Taxon común, a pesares de que a bibliografía reflexa unha ampla distribución na zona occidental de Galicia, apenas citado en Lugo (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

Physarales

***Diachea leucopodia* (Bull.) Rostaf., Sluzowce monogr.: 190 (1874)**

Burela, sobre restos herbáceos, 23-XII-2009, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19814.

Nova cita para a provincia de Lugo.

***Diderma hemisphaericum* (Bull.) Hornem., Fl. dan. 11(33): 13, tab. 19 (1829)**

Cervo, Dain, sobre follas de *Actinidia deliciosa*, *Malus domestica* e outras frutais, 13-III-2010, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19821.

Nova cita para a provincia de Lugo.




Fig.2. *Diderma hemisphaericum*

***Leocarpus fragilis* (Dicks.) Rostaf., *Sluzowce monogr.*: 132 (1874)**

Orol, San Pantaleón de Cabanas, sobre herbas baixo *Pinus pinaster*, 22-X-2009, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19816.

Nova cita para a provincia de Lugo.

***Mucilago crustacea* F.H.Wigg., *Prim. fl. holsat.*: 112 (1780)**

Viveiro, sobre folla de *Plantago* sp., 16-II-2013, Leg. J.Rodríguez-Vázquez. LOU-fungi 19820.

Nova cita para a provincia de Lugo.

***Physarum robustum* (Lister) Nann.-Bremek., *Proc. Kon. Ned. Akad. Wetensch.*, C. 76(5): 484 (1973)**

Cervo, Sta. María de Rúa, sobre cortizo de *Castanea sativa*, 25-VI-2012, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19817.

Nova cita para a provincia de Lugo.



Fig.3. *Physarum robustum*

Stemonitales

Stemonitis axifera (Bull.) T. Macbr., *N.Amer. Slime-moulds*, ed. 1: 120 (1899)

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre madeira de *Quercus robur* en descomposición, 15-VI-2013, Leg. C.García-Echave e N.F.Andrés-Rodríguez. LOU-fungi 19818.

Este taxon conta cunha reducida distribución en Galicia, na península ibérica está ben representado (LADO, 1993; HERNÁNDEZ-CRESPO, 2006).

Stemonitis fusca Roth, *Bot. Mag. (Römer & Usteri)* 1(2): 26 (1787)

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre amentos e madeira moi degradada de *Castanea sativa*, 8-VI-2012, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19819.

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre madeira de *Quercus robur* en descomposición, 15-VI-2013, Leg. C.García-Echave e N.F.Andrés-Rodríguez. LOU-fungi 19827.

Especie común, en xeral ben representada en Galicia (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

Trichiales

Arcyria cinerea (Bull.) Pers., *Syn. meth. fung.* 1: 184 (1801)

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre madeira de *Quercus robur* en descomposición, 15-VI-2013, Leg. C.García-Echave e N.F.Andrés-Rodríguez. LOU-fungi 18916.

Este taxon conta con bastantes citas en Galicia, apenas citada na provincia estudada (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

Arcyria ferruginea Saut., *Flora* 24: 316 (1841)

Cervo, Sta. María de Rúa, sobre unha pola de *Castanea sativa* moi degradada, 2-III-2012, Leg. C.García-Echave. LOU-fungi 19825.

Especie ben distribuída en todo Galicia (SOLIÑO et CASTRO, 2005).

Arcyria pomiformis (Leers) Rostaf., *Sluzowce monogr.*: 271 (1875)

Baleira, Fraga de A Marronda, sobre madeira de *Quercus robur* en descomposición, 15-VI-2013, Leg. C.García-Echave e N.F.Andrés-Rodríguez. LOU-fungi 19826.

Esta especie xa foi citada varias veces en Lugo (LADO, 1993; HERNÁNDEZ-CRESPO, 2006)



Fig. 4. *Arcyria ferruginea*

***Trichia decipiens* (Pers.) T.Macbr.,** *N. Amer. Slime-moulds*, ed. 1: 218 (1899)

O Incio, A Cruz do Incio, sobre madeira de *Quercus robur*, 2-XII-2012, Leg. N.F.Andrés-Rodríguez. LOU-fungi 19809.

Esta especie xa foi citada unha vez en Lugo (MARCOTE *et al.*, 2003).

AGRADECEMENTOS

Os autores desexan agradecer enormemente aos socios do *Grupo Micolóxico Galego* que aportaron material ou colaboraron de algunha forma neste traballo.

BIBLIOGRAFÍA

CABO REY, L. 1998. Contribución ó catálogo dos *Myxomycetes* da Península Ibérica. *Mykes* 1: 17-21.

CABO REY, L. 2001. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, III. *Mykes* 4: 3-7.

CABO REY, L. 2002. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, IV. *Mykes* 5: 3-7.

CABO REY, L. 2004. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, V. *Mykes* 7: 3-9.

- HERNÁNDEZ-CRESPO, J.C. (2006). S I M I L, Sistema de Información Micológica Ibérica en Línea. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C. Proyecto Flora Micológica Ibérica I-VI (1990-2008). Ministerio de Educación y Ciencia, España. <http://www.rjb.csic.es/fmi/sim.php> [Consultado o 19/10/2014]
- LADO, C. 1993. Bases corológicas de Flora Micológica Ibérica. Números 376-692. *Cuad.Trab. Flora Micol. Ibér.* 7: 1-305.
- LADO, C. (2005-2014). An on line nomenclatural information system of *Eumycetozoa*. Real Jardín Botánico, CSIC. Madrid, Spain. <http://www.nomen.eumycetozoa.com> [Consultada 21/10/2014].
- LADO, C. et PANDO, F. 1997. *Myxomycetes I. Ceratiomyxales, Echinosteliales, Liceales, Trichiales*. *Flora Micológica Ibérica Vol.2*. R. Jardín Botánico Madrid & J.Cramer.
- LAGO, M. et CASTRO, M.L. 2002. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 7913-7936. *Anales Jard. Bot. Madrid* 59(2): 298-300. [2001]
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Xunta de Galicia.
- MARTIN, G.W. et ALEXOPOULOS, C.J. 1969. *The Myxomycetes*. Univ. of Iowa Press. Iowa.
- NANNENGA-BREMEKAMP, N.E. 1991. *A Guide to Temperate Myxomycetes*. Biopress Limited. Bristol.
- NEUBERT, H., NOWOTNY, W. et BAUMANN, K. 1993. *Die Myxomyceten (Band I)*. Karlheinz Baumann Verlag. Gomaringen.
- NEUBERT, H., NOWOTNY, W. et BAUMANN, K. 1995. *Die Myxomyceten (Band II)*. Karlheinz Baumann Verlag. Gomaringen.
- NEUBERT, H., NOWOTNY, W., BAUMANN, K. et MARX, H. 2000. *Die Myxomyceten (Band III)*. Karlheinz Baumann Verlag. Gomaringen.
- OLTRA, M. 1997. *Myxomycetes* procedentes de las actividades de la Sociedad Micológica de Madrid. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 22: 9-21.
- PORTELA, J. et LADO, C. 1990. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 2127-2173. *Anales Jard. Bot. Madrid* 47(1): 199-204.
- POULAIN, M., MEYER, M. et BOZONNET, J. 2011. *Les Myxomycètes*. Fédération Mycologique et Botanique Dauphiné-Savoie. Ed. Sévriér.
- STEPHENSON, S.L. 2003. *Myxomycetes of New Zealand*. Fungal Diversity Press. Hong Kong.
- SOLIÑO, A. et CASTRO, M.L. 2005. Coroloxía e fenoloxía dos macromicetos galegos: modelo dun sistema informático de información. *Mykes* 8: 7-22 + CD (mapas).